

BASES REGULADORAS DO CONCURSO PÚBLICO DO CONCELLO DE SANTISO DENOMINADO: *Aldeas VIVAS!*

BASE 1ª:- CONCURSO PUBLICO:

O obxecto destas bases é regulamentar un concurso público organizado polo Concello de Santiso, denominado **Aldeas VIVAS!**

Buscamos prioritariamente, activar, premiar e fomentar a participación veciñal no mantemento ou mellora dos espazos públicos propiedade do Concello ou cedidos ao mesmo.

BASE 2ª.-SOPORTE XURÍDICO:

O soporte xurídico deste concurso atópase regulamentado na Lei 7/1985, do 2 de abril, que posibilita e fomenta a participación cidadá nos asuntos públicos de calquera xeito que se estime conveniente e adecuado. En especial, cítase, o artigo 69 do mencionado texto legal.

BASE 3ª-OBXECTO DO CONCURSO:

O obxecto concreto é promocionar un concurso polo que os veciños dos diferentes núcleos de poboación, poidan agruparse coa finalidade de levar acabo, de forma voluntaria e gratuíta accións de todo tipo, obras consistentes na limpeza, mellora, equipamentos, ornamentacións ou recuperación dos paraxes públicos, urbanos e/ou rurais polo que recibirán un premio por esta labor, así coma o recoñecemento público e da veciñanza de Santiso.

BASE 4ª – SOLICITANTES:

Os veciños interesados deberán conformar unha comisión veciñal, onde un deles actúe como representante dos demais. Os interesados deberán presentar unha solicitude nun modelo que se lles facilitará no propio Concello, que deberá ser asinado por un mínimo de tres e máximo de dez integrantes, maiores de 14 anos, que deberán achegar copia do DNI ou NIE. É preciso que todas as persoas que vaian a realizar algunha tarefa no proxecto faciliten os seus datos para que poidan exercer a acción de voluntariado.

BASE 5ª - SOLICITUDES:

Serán aceptadas para o estudo por parte do equipo técnico e de goberno, todas aquelas solicitudes realizadas no Concello de Santiso, e que maioritariamente sexan maiores de idade.

Unha vez presentada a solicitude, o tribunal encargado deste concurso, analizará a acción a desenrolar valorando se cumpre os requisitos técnicos, así como si é compatible con subvencións doutras administracións. Tamen se analizara os custos con respecto ao aproveitamento desa acción por parte da veciñanza da aldea e/ou parroquia.

A tal efecto xunto con cada solicitude, deberase achegar unha pequena memoria descritiva, o máis concreta posible na que figure una descrición da acción así coma unha relación dos materiais necesarios para levala a cabo.

Poderán ser rexeitadas aquelas, que precisen de permisos sectoriais doutras administracións públicas territoriais, sen prexuízo de que o Concello poida decidir solicitar os devanditos permisos.

Unha vez valorados os puntos anteriores, notificarase mediante escrito, a aceptación ou rexeitamento a formar parte do concurso, levando asociado o permiso ou non para realizar a acción proposta.

BASE 6ª - AXUDA E SOPORTE TÉCNICO:

Os servizos técnicos do Concello poderán prestar soporte informativo aos veciños e/ou comisións interesadas para conformar as devanditas memorias.

Ademais, e respecto das solicitudes aprobadas, os servizos técnicos dos Concello, cando se estime preciso e necesario, poderán traducir as memorias presentadas en memorias técnicas e/ou proxectos, coa debida desagregación de unidades de obra, subministro ou materiais precisos.

Respecto das accións aceptadas a concurso, o concello facilitará aqueles medios e materiais que sexan precisos para garantir tales medidas mantendo a estimación de gasto/material a cal se fai referencia na memoria da solicitude inicial.

Os servizos técnicos do concello poderán levar a cabo o seguimento do desenvolvemento das accións en concurso, xirando inspeccións e ditando instrucións cando sexa preciso.

Ao remate das accións, os servizos técnicos e o tribunal do concurso emitirán un informe final de fin de obra dando esa como data válida para o concurso.

BASE 7ª .-NATUREZA XURÍDICA DAS ACCIÓNS:

Previo informe dos servizos técnicos e aprobación do órgano de goberno competente, as accións aceptadas á participación no concurso serán consideradas como obras públicas.

As prestacións de traballo polos concursantes entenderase como unha prestación persoal e voluntaria e polo tanto non retribuída, non mantendo ningún xénero de relación xurídica de dependencia respecto do Concello de Santiso.

En ningún caso estará dentro do concurso ningunha persoa que non figure na solicitude inicial e non esta permitida a súa participación dentro da actividade, podendo tomar acción legais contra esta persoa por actuar nun lugar privado sen permiso.

Estarán baixo a súa total responsabilidade aquelas persoas que non formen parte do concurso e estean presentes no lugar onde se leva a cabo a acción.

BASE 8ª.—ACHEGAS DO CONCELLO:

O Concello porá a disposición dos participantes os materiais citados na memoria precisos para o desenvolvemento das accións.

Os materiais precisos, terán a natureza de gasto publico que se imputará ao vixente orzamento municipal.

BASE 9ª.-DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO:

-O prazo para presentar as solicitudes para o concurso ALDEA VIVA remata o día 30 de setembro de cada ano.

-Entrarán no concurso **Aldeas VIVAS**, as obras que o servizo técnico do Concello de Santiso certifique mediante informe de fin de obra antes do 31 de decembro de cada ano.

As accións serán valoradas polo tribunal durante o mes de xaneiro do ano seguinte á certificación de fin de obra. O día que o Concello de Santiso celebra o entroido, normalmente o Domingo de Entroido, darase a coñecer o resultado do concurso, así como a entrega de premios no acto que cada ano se celebra nun dos pavillóns do municipio.

BASE 10ª.-TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Por resolución da alcaldía, formarase un tribunal cualificador, cuxo obxecto será avaliar as solicitudes presentadas, informar, notificar a aceptación ou rexeitamento e valorar as accións executas a fin de outorgar os premios. As avaliacións do tribunal, cuxa composición será comunicada debidamente, serán susceptibles de recurso perante a Alcaldía-Presidencia.

O Tribunal estará composto de:

Presidente:

Suplente:

Secretario (con voz pero sin voto):

Suplente:

Vocais (un máximo de 3 membros):

Vocais suplentes:

BASE 11ª.-PREMIOS:

Os criterios de valoración para motivar a concesión dos premios serán os seguintes:

- 1.- Interese xeral da obra realizada: ata un máximo de VINTE (20) puntos.
- 2.- Calidade da obra realizada: ata un máximo de VINTE (20) puntos.
- 3.- Sostenibilidade e criterios ambientais: ata un máximo de VINTE (20) puntos.
- 4.- Innovación: ata un máximo de QUINCE (15) puntos.
- 5.- Aproveitamentos dos materiais empregados: ata un máximo de QUINCE (15) puntos.
- 6.- Relación gasto-obra: ata un máximo de QUINCE (15) puntos.

O tribunal cualificador publicará a relación de accións valoradas por orde de puntuacións finais obtidas, sendo as tres que obteñan mellor puntuación as premiadas. Os premios serán os seguintes:

1º premio: Vale para una sesión de Balneario para tódolos membros da Comisión.

2º premio: Xantar tradicional nun local de Hostalaría do Concello de Santiso.

3º premio: Cesta de produtos da comarca.

O resto de comisións participantes levarán un pequeno recordo como mostra de agradecemento polo traballo realizado.